



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 10/2022

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

En Ordes, a vinte e catro de novembro de dous mil vinte e dous.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAYERDE.
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, pola voceira do goberno municipal, concelleira Sra. García Gómez, procédese a dar lectura á **Declaración institucional con motivo do 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero**, subscrita por todos os grupos políticos e concelleiros non adscritos, cuxo texto é o seguinte:

“Concellos polo bo trato

A liberdade, a seguridade e a integridade, son dereitos inherentes ao ser humano incuestionables e, como tales, non poden limitarse por circunstancias temporais ou espaciais nin tan sequera pender de ningún criterio, moito menos, pola condición de xénero.

A natureza esencial destes principios obriga a que non baste con que sexan respectados; deben estar garantidos sen fisuras cos medios legais e económicos precisos e coa defensa sen



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

concesión por parte da sociedade –auténtica titular do poder nun sistema democrático-, que debe esixir que isto sexa así.

Con motivo deste novo 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o Concello de Ordes, manifesta a firme convicción e determinación de esta Entidade Local para erradicar calquera tipo de maltrato sobre as mulleres, os seus fillos e fillas e achegados e achegadas, vítimas todas do machismo, xa que o maltratador leva por medio a quen considere con tal de que ela sufra.

Ademais da física, repudiamos calquera outra forma de agresión machista: psicolóxica ou emocional, sexual, económica, acoso, vexación... tanto no eido persoal como laboral.

Dende o concello facemos un chamamento á responsabilidade común, tanto de institucións como de cidadanía, no problema da violencia de xénero. Ninguén pode mirar para outro lado. Cadaquén debe asumir a súa responsabilidade no problema e na solución do mesmo. Cómpre reflexión sincera por parte de todos e todas e acción conxunta.

Unha vez máis o Concello de Ordes comprometemos traballo arreo, sen escatimar esforzos nin medios dentro das nosas posibilidades, priorizando ás políticas e medidas contra a violencia de xénero fronte calquera tipo de maltrato e facilitando e fomentando a colaboración do resto das administracións e cidadanía.

Apostamos pola información e concienciación dos dereitos e ferramentas aplicables para cada situación, facendo o que estea na nosa man tanto no noso espazo como fóra del, para que quen os precise acceda a eles.

O Concello de Ordes, reivindica, os medios necesarios para o labor e que se afaste esta loita da pugna ideolóxica, porque non cabe ningún tipo de negación desta cruel realidade e que no punto de mira de todos e todas só deben estar a liberdade, a seguridade e a integridade para todas as persoas.

O Concello quere lanzar, por último, unha mensaxe de esperanza e forza para todas estas mulleres que están a sufrir a violencia machista e a calquera que sufra o maltrato de xénero. Lembrámoslles que non teñen porque toleralo baixo ningunha forma e que estamos ao seu carón para axudalas a saír. Animamos por tanto ás vítimas e a calquera que teña coñecemento dalgún caso a dar o paso para pór fin á inxustiza. Contan connosco.

Poñemos a disposición e alentamos a facer propio o noso Decálogo #PoloBoTrato:

1. Empregar linguaxe libre de connotacións sexistas.
2. Integrar a perspectiva de xénero nas nosas decisións.
3. Difundir unha imaxe non sexista da muller.
4. Traballar na prevención da violencia machista e promoción dos valores de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova.
5. Fomentar a ética e a co responsabilidade nas tarefas e o coidado tanto de menores como de persoas dependentes.
6. Identificar e emendar as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres.
7. Respetar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal.
8. Promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal.
9. Rexeitar a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller.
10. Prestar especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Seguidamente procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 27 de outubro de 2022, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que existe un erro na transcripción da súa intervención no debate do punto quinto da orde do día:

Onde di:

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como di o BNG é moi difícil de entender que se rebaixe o ive nunhas cousas e noutras non. Tamén están totalmente de acordo en que todo o que beneficie á veciñanza de Ordes hai que poñela en práctica.

.../...

Debe dicir:

.../...

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como di o BNG é moi difícil de entender que se rebaixe o ive nunhas cousas e noutras non. Tamén están totalmente de acordo en que todo o que beneficie á veciñanza de Ordes hai que poñela en práctica.

.../...

A acta da sesión ordinaria, de data 27 de outubro de 2022, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coa abstención da Sra. Ferreiro Villaverde, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada pola Sra. Berdomás García.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. APROBACIÓN PLAN NORMATIVO ANUAL MUNICIPAL 2023 (ART. 132 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP).

Vista a proposta sobre Plan normativo municipal para o ano 2023 (Expdte 2022/G013/000001).

Visto o disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP),

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que non van a poñer impedimento para a aprobación deste Plan Normativo.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que tampouco van a por ningunha obxección.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non va a por ningunha obxección, cando se queira aprobar ou modificar estes regulamentos e demais ordenanzas estarán traballando e farán as súas consideracións.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Aprobar o Plan normativo municipal do Concello de Ordes para o ano 2023.
- Proceder á publicación do Plan Anual Normativo do Concello Ordes no Portal de Transparencia.

4. APROBACION PROVISIONAL IMPOSICIÓN, ORDENACIÓN E APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL: TAXAS POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA, POLA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, INSPECCION E LIQUIDACIÓN DE OBRAS.

Expediente de imposición, ordenación e aprobación ordenanza fiscal: taxas por prestación de servizos de dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación de obras (**Expdte. 2022/G015/000001**).

Visto o contido do informe económico-financeiro.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 18/11/2022.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se volven a subir as taxas. Non están moi de acordo. Ao final vai aos petos dos cidadáns cando se fai unha obra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se está a falar duna taxa pola execución dunha obra pública, non de particulares.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que anteriormente as tarefas de dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde eran a cargo da empresa contratista que aboaba esta directamente á empresa encargada polo concello destes traballos. Con esta taxa recadarase o 4% pola dirección de obra, o 1% para coordinación de seguridade e saúde. Encarecerá as licitacións. Comparten o espírito da ordenanza, o que non lles gusta tanto, que xa manifestaron no pleno anterior e que ven recoñecendo a propia memoria económica financeira. Dado que o concello non conta con medios humanos e materiais para poder levar a cabo os servizos aos que se refire a taxa pártese dun estudo de custes para o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

caso de que o servizo sexa contratado como é de prever cunha empresa externa. Manifestaron no pleno anterior, e segue sendo a súa postura, que o Concello debería cubrir unha das prazas vacantes de arquitecto director do Departamento de Urbanismo, que entre outras funcións, ten esa de dirección de obras, se non pode ser a través de persoal funcionario en propiedade, a través dun funcionario interino, evitando así a contratación de empresas externas.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo co que sinala o Sr. Vidal Ríos, se encarecerían as licitacións. Non é o momento. Si é certo que é necesaria unha regulación destas taxas.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que sexa obras públicas ou privadas é unha taxa que grava unha actividade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se diga aquí que isto vai a encarecer os proxectos parécelle sorprendente, para iso están os gastos xerais que forman parte do orzamento de calquera proxecto de obras. O que supón un total e absoluto descoñecemento das normas de contratación público, do contido da redacción dos proxectos, que despois se aproban aquí, o que ven a significar que tampouco lemos o contido dos mesmos. Non se incrementa para nada o custe de ningún proxecto. O que se viña pagando ata o de agora dunha maneira directa polo contratista vai a ser agora a través dunha taxa que vai a esixir agora o Concello. Están no ánimo de cubrir esas prazas vacantes, pero a taxa de reposición de efectivos imposta dende o goberno central, non permite incorporar novos efectivos, a mesma problemática que teñen noutras administracións. Calquera dos argumentos que esgrimiron aquí no debate pouco aportan á aprobación desta ordenanza fiscal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), sete abstencións (2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente a imposición, ordenación e aprobación ordenanza fiscal: taxas por prestación de servizos de dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación de obras, cuxo texto figura na proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 27 de outubro de 2022,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

6. MOCIÓN.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Recentemente, e no marco da negociación dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, o goberno de España volveu a facer pública a súa intención reformar o delito de sedición, tipificado no artigo 544 do Código Penal e que castiga a quen, sen estar comprendidos no delito de rebelión, álzase pública e tumultuariamente para impedir, pola forza ou fóra das vías legais, a aplicación das leis. Dita reforma foi adiantada polo executivo en xaneiro de 2020, tres meses despois da condena imposta polo Tribunal Supremo aos líderes do Procés, en aplicación do devandito artigo.

O 10 de novembro de 2022, o presidente do Goberno confirmou que presentará unha iniciativa lexislativa para derogar o delito de sedición e substituílo por outro de “desordenes públicos agravados”. As leis de España non poden redactarse na sede de ERC nin pola conveniencia política de Pedro Sánchez. Nin a Constitución nin o Estado de Dereito poden renderse ás necesidades de ningún dirixente político e menos ás daqueles que se levantaron contra a nosa Nación. En ningún país europeo reformárase o delito de sedición por parte dos sediciosos.

Con este anuncio, o goberno de España retoma un perigoso precedente; o de ceder de maneira constante e permanente ás pretensións máis radicais dos seus socios parlamentarios, aínda que con iso non só socaven os principios e fundamentos do Estado de Dereito, senón que poñan claramente en cuestión a independencia do poder xudicial ao volver corrixir as sentenzas do Tribunal Supremo e na politización da xustiza ao admitir que sexan os políticos condenados por sedición quen modifica as penas dos delitos que cometeron.

Dito doutra maneira, de levarse a cabo esta reforma, o goberno de España estaría a participar activamente no descrédito e o menoscabo de dúas institucións fundamentais do Estado, como son as Cortes Xerais e os Tribunais de Xustiza, beneficiando política e xudicialmente a quen no seu día trataron de atentar contra a integridade territorial e a orde constitucional de España.

As Comunidades Autónomas deben pronunciarse publicamente se apoian reducir as penas establecidas no delito de sedición, ou si, rexeitan esta modificación. Considérase esencial que desde as Comunidades Autónomas e os Concellos exista un pronunciamento explícito manifestando o rexeitamento a calquera acción que supoña debilitar ao Estado. Desde estas institucións que forman parte do Estado débese levar a cabo unha defensa sen concesións do principio de que todos somos iguais ante a Lei.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Nin Pedro Sánchez é digno da tradición democrática do PSOE nin o PSOE pode calar ante este episodio sen ser cómplice expreso desta barbaridade política. O silencio dos seus dirixentes e baróns é unha traizón aos valores que un día decidiron representar e aos electores que votaron por eles.

Non deixa de ser sorprendente que, ao mesmo tempo que o executivo se mostra favorable a derrogar o delito de sedición, pareza esquecer outras propostas como a anunciada en 2019 para prohibir por lei a celebración de referendos ilegais.

É necesario resaltar que, segundo os últimos datos demoscópicos coñecidos, menos dun 20% da poboación española apoia ao executivo na súa decisión de rebaxar as penas polo delito de sedición. Incluso un 49% de quen declara apoiar nas urnas ao actual partido no goberno móstranse contrarios á devandita reforma.

España é unha democracia estable e consolidada, pero non por iso menos necesitada de institucións fortes, que contén non só co respaldo da lei senón tamén do aprecio e a confianza dos cidadáns. Por iso vemos con preocupación a inercia do actual Goberno a transixir coas reclamacións dos seus socios parlamentarios, sexan estas para cesar á Secretaria de Estado-Directora do Centro Nacional de Intelixencia, ou para non recorrer ante o Tribunal Constitucional unha lei autonómica de ensino feita a medida para non cumprir cunha sentenza xudicial. O anuncio da reforma do delito de sedición é só unha máis das concesións, pero dada a aritmética parlamentaria, non parece que vaia a ser a última.

Diante destas circunstancias, é tempo de solicitar ao Goberno e ao seu presidente que exerzan lealmente as funcións que teñen encomendadas, actúen en defensa do Estado e das súas institucións e, por tanto, que non cedan ante as pretensións de quen, amparados na lei, fixeron e fan todo o posible menoscabala.

O PP está fortemente comprometido na defensa da Constitución Española e da dignidade da Nación e considera que ambas circunstancias esixen entendemento entre as dúas principais forzas políticas de España.

Os intereses xerais da Nación e dos españois deben prevalecer sempre, mesmo por encima dos intereses particulares do goberno ou de quen ostente a súa presidencia.

Polo exposto, o Grupo Popular no Concello de Ordes, presenta a seguinte proposta de acordos:

PRIMEIRO.- Manifestar a rotunda oposición a calquera modificación que supoña derrogar o delito de sedición.

SEGUNDO.- Instar ao Presidente do Goberno e ao Goberno de España a cumprir, acatar e respectar a Constitución española, aprobada de forma maioritaria polos españois, na que non ten cabida a sedición nin os referendos ilegais, e, sobre todo, ratificar o artigo 2 da mesma: "A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi aprobada por maioría de dezaseis votos en contra (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que como xa fixeron en mocións parecidas non van a entrar neste tipo de debates. O seu voto vai a ser a abstención.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non se pode falar dos socios de goberno, todos temos socios de goberno. Sorprenden as palabras que cualifican a Sánchez de non ser digno do PSOE, cando foi elixido democraticamente polos delegados, elixidos estes a súa vez polos militantes e ratificado en dous congresos federais, non cunha libreta azul. O partido socialista ten máis de cento corenta anos de historia, nesa historia hai moitas luces e moitas sombras. Fixéronse moitas cousas ben, algunhas fariáanse mal, como en todos os gobernos. Neses máis de cento corenta anos sobrevivimos ás inclemencias de varios réximes. Se están preocupados polos resultados das enquisas, van a ser ao seu favor. O que se levou á Mesa do Congreso, que se vai a debater estes días é unha proposición de lei para reformar os delitos contra a integridade moral e desordes públicos e contrabando de armas de dobre uso. É unha proposta de lei que pretende a equiparación coas directivas europeas e adaptar á lexislación e ordenamento da Unión Europea. Actualmente en Europa non existe o delito de sedición. Esta é unha figura que apareceu no Código penal español no século XIX, que foi pasando ao longo do tempo. Coa reforma o que se pretende é unha denominación europea máis actual e impor un rango similar de penas ás que teñen en Europa. En Alemaña chámase quebrantamento da paz pública, en Francia rebelión, en Italia resistencia a un funcionario público, en Suíza violencia ou ameaza contra funcionarios públicos e en Bélxica delito de rebelión. A principal vantaxe de levar a cabo esta homologación é facilitar a cooperación con outros estados membros dentro da Unión Europea por que permitiría que se cumprise o requisito de dobre incriminación que se esixe nas ordes europeas de extradición. Por estes feitos é polo que se reclama que sexan constitutivos de delito tanto na lexislación penal do estado requirinte como de acordo coas normas españolas. A falta de sintonía entre o código penal e o de outros países creou santuarios para os atentados contra a orde pública. A reforma do delito de sedición non representa en ningún caso unha concesión ao independentismo de Cataluña, dado que o seu obxectivo é a amnistía unha demanda que o PSOE rexeita e que non entra nin na lexislación nin na constitución española, cuxo título XXI e capítulo primeiro non se vai a tocar. Os delitos cometidos polos líderes independentistas de Cataluña no ano 2017 continuarán recollidos e tipificados no código penal, polo que aqueles políticos que aínda non renderon contas ante a xustiza española terán que facelo. Os feitos do un de setembro ao un de outubro de 2017 non quedan despenalizados. Se volve haber un delito como acreditou o Tribunal Supremo en 2019 ou onde haxa episodios violentos ou onde a multitude impida ás autoridades actuar o estado terá agora un instrumento máis eficaz con penas homologadas a Europa. Nun estado de dereito deciden os xuíces e dáselle unha ferramenta adecuada para non obrigalos a xulgar delitos no ano 2022 cunha ferramenta do século XIX. Ten que quedar claro que o Sr. Puigdemont si debe comparecer ante a xustiza.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que ficou demostrado que ata o de agora o delito de sedición foi empregado para perseguir a discrepancia política e moi especialmente contra os movementos soberanistas. Derrogar o delito de sedición é polo tanto absolutamente necesario para avanzar en dereitos democráticos, para desxudicializar a vida política, para evitar que o que debe ser resolto no ámbito político e de forma democrática sexa abordado no ámbito xudicial por persoas que ninguén elixiu para adoptar decisións políticas. É lexítimo levar ao Congreso unha proposta de modificación lexislativa para eliminar o delito de sedición, o que debería redundar en maior democracia e maiores dereitos cívicos. No entanto a proposta do PSOE e UP substitúen o delito de sedición por outro que lle chaman de desordes públicos agravadas que pode derivar nunha conculcación aínda máis profunda de liberdades públicas e dereitos esenciais como o de manifestación. En todo caso corresponde ao debate parlamentario abordar esta mudanza lexislativa. Os concellos non temos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

competencia na materia e ao noso xuízo calquera pronunciamento que se fixera neste ámbito debería ir encamiñado a defender as liberdades e os dereitos democráticos. Non consideran de recibo que o PP pretenda utilizar os concellos para facer oposición ao goberno do Estado. O que seguramente a veciñanza de Ordes o que realmente lle preocupa, máis que o delito de sedición é a escasa vida que amosan as rúas do noso concello, a perda de poboación, que a xente moza teña que mudarse por que en Ordes no atopa oportunidades de traballo nin o contempla como un lugar de futuro para facer a súa vida. Que o parque empresarial presenta unha parte importante de parcelas completamente a monte. Que logo de case sete anos dende a súa aprobación inicial o PXOM segue gardado nun caixón. Xa practicamente no ano 2023 os núcleos das nosas parroquias seguen sen acceso a servizos públicos básicos de abastecemento e de saneamento. Que non se cubran as baixas de persoal non Centro de Saúde. Que un 40% das vivendas do noso concello estean baleiras. Pasividade fronte a perda de peso da feira de Ordes ou esmorecemento da feira da Adina ou da praza de abastos. Estas si que son as verdadeiras preocupacións que a veciñanza de Ordes e non os vemos falar delas. Por iso a posición do BNG vai a ser o voto en contra desta moción.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, que sinala que xa que están vostedes para fiscalizar o goberno municipal e considerando que ten vostede tantas iniciativas para supostamente solucionar eses problemas que ve en Ordes, estamos esperando que as presente. O problema da Sra. Ferreiro Villaverde é que non saben o que se está a levar ao Congreso, ao igual que o resto dos cidadáns, non teñen nin idea dende un punto de vista xurídico. Estase a traizoar ao noso país España, a nosa nación, elimínase o carácter preventivo da lexislación diminuíndose os anos de prisión que leva aparelado o delito. Implica que o que vostedes agora chaman desorde público vai a saír gratuíto. Hai unha cousa, principio do dereito penal que se chama in dubio pro reo. Se hai unha condena de dez anos e inmediatamente se muda o tipo delictivo penal inmediatamente se solicita en beneficio do condenado a aplicación da nova pena. Isto é o que está a pasar coa Lei do Si é Si. Están a saír os violadores das cárceres. Non digan que o que xa pasou xa pasou. Claro que hai unha falta de respecto total ás institucións obviando un informe do CXPX, do Consello de Estado, introducindo unha reforma exprés a través dunha proposición de lei dos grupos en vez dun proxecto de lei do goberno do estado. Está a facer un traxe a medida de ERC e so para que o presidente Sánchez siga a morar na Moncloa. Esa é a razón da derogación do delito de sedición. Unha lexislación a favor de todos os que están condenados e en contra do interese xeral. Falan de homologar o código penal cos doutros países da Unión Europea. Iso é o que nos contan pero noutros países efectivamente as penas son distintas pero tamén son distintas as estruturas delictivas. Non hai delito de sedición noutros países. Confunden o delito de sedición co de rebelión. En Alemaña o delito de alta traición que é o equiparable está castigado de dez ano a cadea perpetua. Non lles interesa aos socios de goberno. Como non podía levarse esta derogación xunto coa aprobación dos orzamentos xerais do estado, convocouse un pleno inmediatamente despois. Ao PSOE ao que lle queda pouco de obreiro despois de todo o que está a pasar que se está acabando coa clase media, coa clase traballadora e agora tamén xa lle queda nada de español. Está atacando e traizoando descaradamente a toda España, as súas institucións e o estado de dereito.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que hai lugares onde tratar destes temas, nunca impediron o seu debate. O goberno municipal si que impediu o debate de moitas mocións. O Sr. Vidal Ríos fixo unha enumeración dos problemas que temos en Ordes que se poderían tratar neste pleno, algo no que concordamos case todos os partidos da oposición. Quere recalcar que temos traído mocións e aproveitando a maioría do PP non se poden debater con carácter de urxencia. Parece máis urxente debater estes temas, sobre os que non se van a pronunciar, que se está a debater onde se ten que debater e todos os partidos teñen representación e onde e exporán as súas diferenzas e teñen o poder para



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

decidir. Si que hai mocións moi interesantes que se poden debater en Ordes sen facerlle o traballo aos demais. O traballo hai que facelo aquí, que moitas veces está sen facer.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta é unha intervención oportunista alguén que non presenta ningún moción neste pleno, o único traballo que ten neste pleno é un simple rogo. Non veña aquí a dar leccións de quen traballa ou non traballa, que presenta iniciativas cando vostede non presenta ningunha. Vemos non seguinte pleno que é o que trae e o que hai que debater. Cales son as súas ideas oportunistas, que é o que conleva con elas.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que recalca o seu apunte por se non quedou claro e conste así na acta os feitos do 1 de setembro ao 1 de outubro de 2017 non quedan despenalizados, o Sr. Puigdemont debe comparecer ante a xustiza. Dende o seu coñecemento, non é licenciada en dereito, na revisión das sentenzas derivadas da aplicación da Lei do Si é Si os que deciden son os xuíces baseándose na nova lei. Falar do pouco obreiro que é o partido socialista parece que o aumento dos prezos derivados da inflación só é en España, cando realmente está afectando a toda Europa. Do que estamos a falar aquí é da adaptación do delito de sedición do código penal aos estándares europeos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se remite integramente ao exposto na primeira intervención.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, que sinala que o Sr. Iglesias Vieites pode presentar mocións, como concelleiro forma parte do estado, das institucións, o seu cargo recoñecido na constitución e na lexislación, polo que si que nos interesa calquera atentado contra o estado de dereito, o interese xeral, os dereitos e obrigas como cidadáns. Por último, non quedan despenalizadas, rebáixanselle as penas. Cando a xustiza aplica a nova lexislación, no dereito penal rexe o principio in dubio pro reo. Aplícase a lei máis beneficiosa, deste xeito como se rebaixan as penas estase a rebaixar a pena orixinal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), catro votos en contra (2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE) e coas abstencións (Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

PRIMEIRO.- Manifestar a rotunda oposición a calquera modificación que supoña derogar o delito de sedición.

SEGUNDO.- Instar ao Presidente do Goberno e ao Goberno de España a cumprir, acatar e respectar a Constitución española, aprobada de forma maioritaria polos españois, na que non ten cabida a sedición nin os referendos ilegais, e, sobre todo, ratificar o artigo 2 da mesma: "A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que formula os rogos seguintes:

- Na rúa da Quenlla no Mesón do Vento, nunha das marxes da beirarrúa, unha das vaias presenta estragos.

Solicitamos ao Sr. Alcalde:

Que se tomen as medidas oportunas para que se proceda á súa reparación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata dunha vía provincial, o informe da policía local é do 21/11/202. No día de hoxe remitiuse o requirimento á Deputación Provincial.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PsdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- No verano deste ano 2022 acometeuse a actuación de restauración da placa dedicada á filla predilecta do Concello de Ordes Isabel Zandal no lugar de nacemento na Grela (Parada). Como se pode ver na imaxe o resultado, aínda que satisfactorio ao principio, non foi moi duradeiro nin efectivo co paso do tempo xa que o estado no que se atopa non é o idóneo.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Unha mellor restauración da citada placa ou, de ser necesaria, a substitución por outra que soporte as inclemencias do tempo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na estrada DP-5903 (Ordes–Portomouro), á altura do núcleo de “O Valado”, existe un semáforo que antigamente sinalizaba a advertencia de perigo.

O citado semáforo non está operativo desde fai moito tempo, polo que, en caso de non ser considerada como necesaria a súa función, tampouco ten sentido que a súa estrutura siga presente na zona.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A instar ao servizo de “Vías e Obras” da “Deputación da Coruña”, a efectuar as tarefas precisas para poñer en funcionamento o semáforo existente na estrada DP-5903 (Ordes-Portomouro), ao seu paso polo núcleo de “O Valado”. En caso de non



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

considerarse necesaria a súa función, proceder á retirada do mesmo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se considera necesario. Foron avisados en varias ocasións, a derradeira no ano 2021. O único que esixen é que se proceda á desconexión da subministración eléctrica, que foi xa feita polos servizos municipais, a día de hoxe os servizos da Deputación non tiveron a ben facer retirada. Xa que gobernan na Deputación, a través do seu grupo provincial a ver se lle fan máis caso do que nos fan a nos.

- Na ponte da autoestrada existente na estrada que une as parroquias de Vilamaior e Buscás, á altura do lugar de “O Porto” (mais coñecido na zona como “Casa do Monte”), o arborado invade a citada estrada, o que supón un perigo para a circulación.

Tamén pode observarse como a ponte presenta deterioracións considerables nalgún dos seus elementos estruturais, que levaron ao desprendemento de anacos de formigón en varias zonas.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coas oportunas operacións de roza na zona, para evitar que as polas das árbores (neste caso “Mimosas”) invadan a calzada, co conseguinte risco para a seguridade viaria.

Trasladar ao “Ministerio de Transportes Movilidad y Agenda Urbana” e á empresa concesionaria da explotación da autoestrada AP-9 “Audasa”, as deterioracións que presenta a ponte existente nas inmediacións do núcleo de “O Porto”, na parroquia de Vilamaior, instando a acometer as operacións precisas para a reparación das deficiencias, garantindo a súa axeitada conservación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se requiriu informe á policía local, unha vez recibido este tramitarase oportunamente este rogo.

- As recollidas de pluviais da rúa Casabella quedaron cunha considerable separación do bordo das beirarrúas e sen unha canle que obrigue á circulación das augas a caer sobre ditas recollidas.

Esta situación permite que gran parte das augas siga correndo rúa abaixo, na vez de ser recollidas cara as canalizacións soterradas de pluviais, o que diminúe considerablemente a eficacia do sistema.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A corrixir as recollidas de pluviais na rúa Casabella, ben ampliando as súas dimensións ata o bordo da beirarrúa, ben colocando unha canle (tipo “rigola” ou similar) que obrigue ás augas a caer nas recollidas existentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa eran coñecedores. Unha vez presentado o rogo fíxose unha consulta coa empresa e dirección de obra. o que plantexa non se pode facer dado que debaixo está a traza do gas canalizado, non se pode solapar enriba o sumidoiro, nin hai maneira de trasladar máis preto do bordo da beirarrúa a traza do mesmo para recoller mellor as augas. Xa está contemplado cando se votou o aglomerado que na medida do posible o pequeno rebaixe existente conduza a auga ao sumidoiro.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que ó único entón sería facer un rebaixe maior.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que entón nos quedaríamos sen aglomerado, non cree que sexa tan sinxelo. O servizo de gas canalizado non se pode tocar.

- No cruce da rúa Compostela coa rúa do Mercado, existen desde fai tempo uns fitos (en castelán "bolardos"), colocados nas zonas dos pasos peonís, supoñendo un obstáculo para os peóns e un detrimento nas condicións de accesibilidade da zona.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coa retirada dos citados fitos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se colocaron con anterioridade á chegada eles ao goberno municipal. Fan unha dobre función impiden o estacionamento, que era moi habitual, nese punto e evitar os golpes de camións contra o aleiro da fachada. Existe espazo suficiente para calquera persoa con mobilidade reducida para acceder ao paso de peóns en calquera das dúas direccións.

- O espello existente no núcleo de "O Pereiro" na parroquia de Buscás, o cal serve para facilitar a saída á estrada principal da parroquia da veciñanza de "A Canle" e "O Quenllo", atópase nun deficiente estado de conservación, o cal impide o exercicio da súa función.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A substituír o espello existente no núcleo de "O Pereiro", para mellorar a visibilidade e facilitar a manobra á veciñanza que sae dos núcleos de "A Canle" e "O Quenllo", nas súas incorporacións á pista principal da parroquia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa foi trasladada á brigada municipal de obras.

- No ano 2021, o goberno municipal decidiu non efectuar modificacións sobre a ordenanza fiscal nº 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles, mantendo deste xeito o tipo impositivo para o presente ano 2022 fixado no 0,48, o que supuxo unha suba nos recibos da contribución da veciñanza ao subir a base liquidable.

Estamos afrontando o remate do ano 2022 e o goberno municipal non efectuou ningún tipo de trámite para a modificación da citada ordenanza fiscal, polo que de manterse o tipo impositivo no 0,48 para o ano 2023, a veciñanza enfrontarase a unha nova suba posto que a base liquidable volverá a incrementarse novamente.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A tramitar unha modificación da ordenanza fiscal nº 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles, para cando menos, reducir o tipo impositivo do IBI cara o ano 2023, de xeito que se compensen as subas das bases liquidables.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como xa lle dixo en moitos debates de moitos plenos que máis do 50 % das bases liquidables dos recibos non van ter efecto no ano 2023, se manteñen igual que no ano 2022. O pode comprobar. Non se pode confundir a base liquidable coa recadación real. Se ten claro esas subas e o quere facer dunha maneira homoxénea presente unha proposta coas subas que considera e se valorará, indicando ao mesmo tempo as partidas a minorar nos orzamentos do ano 2023.

Solicita intervir o Sr. Secretario, que sinala que polos prazos de tramitación do expediente a día de hoxe non sería posible facer esa modificación para que esta estivese publicada antes do 31 de decembro, para que entre en vigor o 1 de xaneiro de 2023. Tería que terse tramitado no mes de outubro.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Con respecto ao Servizo de Axuda no Fogar.

Preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

Sobre o Servizo de Axuda no Fogar en dependencia.

¿Cal foi o número de horas solicitadas no ano 2021 para o concello de Ordes?.

¿Cantas foron concedidas e cantas foron prestadas?.

¿Cal foi o importe das taxas recadadas polo citado servizo e que cantidade tivo que aportar o concello para sufragar a diferenza dos gastos?.

Sobre o Servizo de Axuda no Fogar en libre concorrência.

¿Cal foi o número de horas solicitadas no ano 2021 para o concello de Ordes?.

¿Cantas foron concedidas e cantas foron prestadas?.

¿Cal foi o importe das taxas recadadas polo citado servizo e que cantidade tivo que aportar o concello para sufragar a diferenza dos gastos?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que as horas de dependencia no ano 2021 no concello de Ordes solicitadas son as que piden os usuarios unha vez que se lles establece o grao, e que se soben directamente. Concedidas e prestadas 29.593,46 horas. Importe da taxa recada polo servizo 51.921,90 €, cantidade aportada polo concello para sufragar a diferenza dos gastos 28.867,24 €. Contribución da Xunta de Galicia 325.528,06 €. Nº de horas solicitadas de libre concorrência no ano 2021 no concello de Ordes 2.838 horas. Concedidas 2.838 horas, prestadas 1.787 horas. Importe da taxa recada polo servizo 5.869,26 €, cantidade aportada polo concello para sufragar a diferenza dos gastos 129,01 €.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Persoas usuarias da piscina climatizada Iván Raña, trasladaron a este grupo municipal queixas sobre unha sensación de baixa temperatura na zona do vaso das citadas instalacións, tanto da auga como do ambiente.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cal é a temperatura que se ten establecida para a auga do vaso da piscina na piscina climatizada Iván Raña Fuentes?.

¿Cal é a temperatura ambiente establecida para a zona do vaso da piscina?.

¿Ten pensado o goberno municipal efectuar algún tipo de actuación ao respecto?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que segundo o Real Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establece os criterios técnico-sanitarios das piscinas, segundo o Anexo I. Parámetros indicadores da calidade da auga, parámetro temperatura, debe manterse no rango entre 24º- 30º. No Anexo II. Parámetros indicadores da calidade do aire dentro do apartado temperatura ambiente explícase que a temperatura seca do aire nos locais que alberguen piscinas climatizadas manterase entre 1º-2º por riba da do vaso da auga. Nas medicións realizadas no último mes nos indicadores na piscina climatizada municipal a temperatura da auga conta cunha media de 28º,5 e a temperatura o aire cunha media de 29º,7. En ambos casos nos encontramos nos parámetros marcados pola lexislación vixente. Estas medicións foron certificadas pola inspección da Consellería de Sanidade realizada o 04/11/2022. A terceira pregunta, vistas as repostas anteriores, non ten lugar.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e trinta e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias